

"Hoxe máis que nunca resulta imperativo retomar as rendas da gobernanza mundial e que o mercado estea sometido a uns principios éticos universais. Está clara a necesidade de volver, como en 1945, a un sistema multilateral guiado por uns valores éticos universais, pero sen vetos, que eviten a presente impunidad das transgresións a escala supranacional e que coa maior responsabilidade que corresponde aos máis poderosos - regulamente a gobernanza mundial"

Federico Mayor Zaragoza



"Certamente, responder á cizada pregunta, non é fácil, nin tan sequera para persoas que teñan dedicado a súa vida ao pacifismo ou ao movemento pola paz, aquí, no Estado ou no ámbito internacional. Na súa gran maioría son voces que escoitamos con dificultade, que non gozan de altoralantes mediáticos reconñecidos, móvense moito mellor no mundo académico ou nas súas respectivas organizacións concretas, publican, é verdade, están nas redes sociais, pero con algunha excepción moi meritoria, as súas miradas son bastante descoñecidas para o gran público, cando non incómodas para os poderes establecidos, sen necesidade de entrar en maior concreción."

Manuel Dias

**Prólogo**, Federico Mayor Zaragoza

Jordi Armadans, Manuel Barbeitos, Ana Barrero, José Antonio Binaburu, Irene Comins, Manuel Dias Diz (Coord.), Jonan Ferrández, Lourenzo Ferrández Prieto, Tica Font, Emilio Grandío, Rafael Grasa, Xoán Hermida, João Lopes Facal, Carmen Magallón, Karen Marón, Manuela Mesa, María Oianguren, Pere Ortega, José Manuel Puraza, Guillermo Solarte



**Adeus ás armas  
Que foi do pacifismo?**

Primeira Edición: novembro 2022

ISBN: 978-84-09-46493-7

Depósito Legal: C 1946-2022

Impreso en Compostela por Tórculo

Edición: Xoán Hermida e Patricia de la Fuente

Coordinación: Manuel Dios

#### Autores/as

Prólogo\_Federico Mayor Zaragoza

Jordi Armadans

Manuel Barbeitos

Ana Barrero

José Antonio Binaburu

Irene Comins

Manuel Dios Diz

Jonan Fernández

Lourenzo Fernández Prieto

Tica Font

Emilio Grandío

Rafael Grasa

Xoán Hermida González

Joán López Facal

Carmen Magallón

Karen Marón

Manuela Mesa

María Oianguren

Pere Ortega

José Manuel Pureza

Guillermo Solarte

#### VARIOS AUTORES

Prólogo\_Federico Mayor Zaragoza

Jordi Armadans\_Manuel Barbeitos\_Ana Barrero\_José

Antonio Binaburu\_Irene Comins\_Manuel Dios Diz

(Coord.)\_Jonan Fernández\_Lourenzo Fernández

Prieto\_Tica Font\_Emilio Grandío\_Rafael Grasa\_Xoán

Hermida\_Joán López Facal\_Carmen Magallón\_Karen

Marón\_Manuela Mesa\_María Oianguren\_Pere

Ortega\_José Manuel Pureza\_Guillermo Solarte

#### ADEUS ÀS ARMAS

Que foi do pacifismo?



ADEUS ÀS ARMAS: QUE FOI DO PACIFISMO? encóntrase baixo unha  
Licenza Creative Commons: Reconecemento-SenObradaDerivada (by-  
nd): <http://creativecommons.org/licenses/by-nd/3.0/deed.gl>



**INDICE.-**

A modo de presentación_Manuel Dios	11
Prólogo_Federico Mayor Zaragoza	13
O pacifismo sempre estivo aí_Jordi Armadans	23
Corren malos tempos para o pacifismo_Manuel Barbeitos	27
Que foi do pacifismo?_Ana Barrero	31
O pacifismo na escola_José Antonio Binaburu	35
E que foi do pacifismo?_Irene Comins	41
E logo, que foi do pacifismo?_Manuel Dios Diz (Coord.)	47
Buscar a resposta fóra das zonas de confort_Jonan Fernández	51
Ulo pacifismo?_Lourenzo Fernández Prieto	57
Que foi e que é do pacifismo?_Tica Font	61
Onde quedou o pacifismo_Emilio Grandío	65
A balea está e opera, aínda que estea mergullada, pero non medra_Rafael Grasa	73
20 anos do nacemento da cidadanía global: Non a Guerral_Xoán Hermida	77

**QUE FOI DO PACIFISMO?**

O pacifismo desafiado \_João Lopes Facal\_ 85

Fazer possível o necessário: o pacifismo \_Carmen Magallón\_ 91

Que foi do pacifismo na era da pos-verdade \_Karen Marón\_ 97

Que foi do pacifismo? \_Manuela Mesa\_ 107

Que foi do pacifismo? \_María Oianguren\_ 113

Os caminhos para fazer as pazes \_Pere Ortega\_ 117

Quatro desafios para o movimento pacifista no nosso tempo \_José Manuel Pureza\_ 121

Pacifistas sen fronteiras \_Guillermo Solarte\_ 125

### E que foi do pacifismo?

Nos últimos tempos o pacifismo parece estar a perder fol entre a opinión pública. Aínda que non nos enganemos, como corrente de oposición á guerra, o pacifismo, non foi unha corrente hexemónica tampouco noutros momentos históricos. Como advirte Bertha von Suttner en *Abaixo as armas!* en cada época os poderes fácticos aseguráronse de manter vivos e glorificar os valores vinculados á guerra -como a coraxe, o orgullo do soldado ou o amor á patria-, todo iso co obxectivo principal de asegurar a aceptación e beneplácito da poboación en caso de guerra. Como se indica no subtítulo do libro do Centre Delàs de Estudos para a Paz "Mentes militarizadas" «educánnos para asumir a guerra e a violencia».

Pero aínda que o pacifismo nunca foi hexemónico, o que resulta incomprendible é que, nas sociedades actuais, contemporáneas da democracia e os dereitos humanos, e cunha poboación amplamente formada, non se questione con maior afán a guerra. Varios factores parecen estar detrás deste feito. Por unha banda, a militarización das mentes que segue tan forte hoxe como o foi noutros tempos. Con novas linguaxes, pero coa mesma mensaxe de fondo, os medios de comunicación, a clase política e mesmo a industria do lecer, entre outros, van estendendo a cultura da guerra, que non é outra que a cultura do medo e a violencia. Todo iso á vez que se enarbora como bandeira unha idea de seguridade terxiversada, construída contra o outro, que como profecía autocumprida só fai que aumentar máis a desconfianza, e con iso a inseguridade, entre os pobos.

Do mesmo xeito que o escotoma no ollo reduce o noso campo visual, así a militarización das mentes impídenos ver outras posibilidades, outras formas alternativas de relacionarmos entre os seres humanos. E impídenos ver, sobre todo, que o

### Irene Comins Mingol

é profesora do Departamento de Filosofía e Socioloxía da *Universitat Jaume I de Castelló*. Foi directora do Máster *Desenvolvemento en Estudos Internacionais de Paz, Conflitos e directora do Instituto Interuniversitario de Desenvolvemento Social e Paz da Universitat Jaume I* e da *Universidade de Alacante (2015-2019)*. É investigadora da *Cátedra UNESCO de Filosofía para a Paz*. Membro da *Asociación Española de Investigación para a Paz*, *ALPAZ* e de *WILPF-España*, sección española da *liga Internacional de Mulleres para a Paz* e a *Liberdade*. Investiga e publica sobre *Filosofía para a Paz*, *Antropoloxía Filosófica*, *Estudos de Xénero*, *Educación para a Paz* e *Epistemoloxías para a Paz*.

investimento militar non é fonte de seguridade senón de inseguridade. Como advertía Bertrand Russell o único efecto que conseguen os estados «é aumentar o perigo contra o cal queren protexerse».

En concreto o investimento militar é fonte de inseguridade en tres sentidos. En primeiro lugar, porque o investimento militar socava a confianza entre grupos humanos, xerando incerteza sobre as intencións recíprocas e debilitando a capacidade de resolución dialogada dos problemas. Os estados confían así menos uns noutros e embárcanse nunha carreira armamentística e unha cultura do medo con efectos devastadores para as capacidades comunicativas, mediadoras ou de arbitraje de transformación dos conflitos.

En segundo lugar, porque o investimento militar implica que os recursos que poderían ir destinados ao desenvolvemento económico e social reséntense significativamente; cando, paradoxalmente, aspectos como a sanidade, a educación ou os servizos sociais, entre outros, son a fonte da auténtica seguridade humana.

E finalmente, porque a violencia directa que supón o uso, intencionado ou accidental, dese armamento é dunha crueldade e un horror atroz, con consecuencias nefastas para o ser humano, para o planeta e as xeracións futuras.

Sen dúbida, en pleno S.XXI, os seres humanos estamos chamados a mostrar unha maior altura de miras. Doutra banda, xunto coa militarización das mentes, o pacifismo tampouco atopa moito arraigamento nunha sociedade distraída, que mira cara a outra parte. E é que a cultura do medo e a violencia teñen un efecto perverso no ser humano: a impotencia interiorizada, é dicir, a sensación de que non podemos facer nada, que o cambio non é posible. Xorde así unha especie de resignación que nos fai apartar a mirada das cousas verdadeiramente importantes. Para

Hathaway e Boff a impotencia interiorizada é a que impide hoxe a auténtica transformación a nivel global, unha impotencia que as estruturas e poderes actuais explotan e reforzan, e que se basea sobre todo no medo. Así, a cultura do medo rouba á xente «o poder de controlar o seu propio destino, inmobilízala e inhibe a acción transformadora». Chegamos a crer que esa visión do mundo desde o medo é «realista»: polo que toda suxestión dunha alternativa resúltanos utópica e impracticable.

Así, como sinalan Hathaway e Boff, «a impotencia interiorizada serve para perpetuar os sistemas que explotan á comunidade humana». A impotencia condúcenos á alienación, a virar a mirada, e mantémonos en estado de parálise colectiva. A sociedade de consumo e o noso estilo de vida contribúen significativamente a ese escapismo que nos aliena da realidade e distraéonos do verdadeiramente importante. Como agudamente advirte Federico Mayor «Quen queda que non estea atrapado en baratixas e en urxencias?».

Así, a militarización das mentes e a impotencia interiorizada parecen confabularse en detrimento do pacifismo como corrente de oposición á guerra. Pero non todo está perdido, temos a oportunidade, e a responsabilidade, de desaprender a guerra e reconstruír as relacións humanas. Un importante aliado que non podemos ningunear neste obxectivo é o feminismo. A cultura da guerra e o patriarcado conforman unha amalgama, como xa denunciou Betty Reardon na obra clásica *Sexism and the War System*. O patriarcado, advirte Reardon, xira ao redor da idea de dominación do ou a diferente, que se constrúe como inimigo. E é que, como Gilligan e Snider sinalan, o patriarcado xustifica o mantemento de xerarquias e o exercicio do poder sobre a outredade.

Fronte a iso, podemos reconstruír unha concepción relacional dos seres humanos, na que os suxeitos sexamos conscientes das nosas vulnerabilidades e mutuas

interdependencias e coidemos uns e unhas doutros e doutras, así como da natureza. Trátase de afrontar e recoñecer a vulnerabilidade non desde a dominación da outredade, senón desde a construción de políticas do coidado e o recoñecemento da interdependencia humana.

A política e a ética do coidado promoven un concepto de ser humano preocupado polo benestar do outro, a outra e a natureza, un ser humano participativo, comprometido e non adormentado. En definitiva, unha cidadanía coidora e pacifista. E é que, como reza o Preámbulo da Declaración Internacional da Carta da Terra «a elección é nosa: formar unha sociedade global para coidar a terra e coidarnos uns a outros ou arriscarnos á destrución». Temos por diante un importante obxectivo: desapronder a guerra e reaprendernos como humanos.

*Irene Cormins Mingol*

**Fontes:**

- Calvo Rufanges, Jordi. 2016. *Mentes militarizadas*. Barcelona: Icaria
- Gilligan, Carol e Naomi Snider. 2018. *Why Does Patriarchy Persist?* Cambridge: Polity Press
- Hathaway, May e Leonardo Boff. 2014. *O Tao da Liberación*. Madrid: Trotta.
- Mayor, Federico. 2011. *Donde no hablie el miedo*. Málaga: Litoral.
- Reardon, Betty. 1996. *Sexism and the war system*. Syracuse: Syracuse University.
- Russell, Bertrand. [1910] 2009. *Ensayos filosóficos*. Madrid: Alianza.
- von Suttner, Bertha. [1889] 2014. *Abajo las armas!* Madrid: Cátedra.